

## Borges dende o labirinto galego<sup>1</sup>

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER  
Universidade de Santiago de Compostela  
Campus de Lugo

Entre as innumerables temáticas cultivadas por Jorge Luis Borges —a irrealidade, a incerteza, o paradoxo da coincidencia dos contrarios, o tempo, o infinito, a identidade, o destino, a morte, a violencia, o valor, a literatura— encóntrase sen dúbida a do símbolo, moitas veces materializado en recoñecibles símbolos colectivos, como o eterno retorno, a rosa, o libro, a noite, o mar, a espada, o coitelo, o espello ou o dobre, e tamén moitas outras representado por moi peculiares símbolos persoais do autor, como o tigre, a biblioteca, a enciclopedia, o xadrez, a cegueira ou o outro Borges. Pero de todos os símbolos de Borges ningún é tan característico da súa obra toda como o símbolo do labirinto, inspirado no mito grego, pero presente tamén nas artes e no pensamento de todas as culturas e de todas as épocas, dende o tráxico labirinto de Creta aos angustiosos labirintos contemporáneos de Kafka, igualmente admirados polo escritor arxentino.

Ademais, Borges é sen dúbida un dos autores contemporáneos que implica máis diversas referencias culturais na súa formación e na súa obra literaria, polo que rara é a cultura ou o país completamente ausente da súa cosmopolita biografía ou da súa labiríntica produción: dende o seu fervor polo Bos Aires natal á súa fascinación pola Xenebra da xuventude e da morte, moitos son os espazos culturais cultivados por Borges, aínda que poucos tanto como a Grecia e a Roma da mitoloxía clásica, a Inglaterra do vello anglosaxón e da súa constante anglofilia, os países nórdicos das sagas e das eddas, o Medio Oriente das mil e unha noites, a diáspora dos xudeos e da Cábala, o Extremo Oriente da espiritualidade profunda e da fantasía exótica, os Estados Unidos da América enérxica e democrática. Pero, en escala menor, entre estas presencias encóntrase tamén Galicia, terra de labirintos rupestres, históricos e literarios e lugar que quixo visitar, así como tamén se encontran varios escritores nados nela que foron obxecto do seu trato persoal ou das súas opinións e comentarios.

---

<sup>1</sup> Conferencia pronunciada na Universidade de Vigo con motivo do centenario de Borges en 1999.

## A ASCENDENCIA PORTUGUESA

Ademais, a propia xenealoxía de Borges aproximouno tamén a Galicia, na medida en que realmente os seus antepasados paternos, como reflicte o seu apelido, eran portugueses —concretamente, aínda o seu bisavó, o tenente da marina Francisco Borges de Ramalho, nacera en Portugal no século XVIII e embarcaría para Brasil entre os dous séculos— e mesmo polo feito de que o escritor especulara e bromeara a miúdo coa hipótese —e o desexo— de que tanto estes como os maternos —polo apelido Acevedo da súa nai— tiveran sido xudeoportugueses. Borges indagou o que puido sobre esta dobre procedencia familiar cando visitou Portugal e Brasil e referiuse á primeira en varias composicións, como na titulada “Los Borges”, incluída en *El Hacedor*:

Nada o muy poco sé de mis mayores  
 Portugueses, los Borges: vaga gente  
 Que prosigue en mi carne, oscuramente,  
 Sus hábitos, rigores y temores.  
 Tenues como si nunca hubieran sido  
 Y ajenos a los trámites del arte,  
 Indescifablemente forman parte  
 Del tiempo, de la tierra y del olvido.  
 Mejor así. Cumplida la faena,  
 Son Portugal, son la famosa gente  
 Que forzó las murallas del Oriente  
 Y se dio al mar y al otro mar de arena.  
 Son el rey que en el místico desierto  
 se perdió y el que jura que no ha muerto.

Na mesma liña e na mesma obra, dedicou un poema “A Luis de Camoens” ou fixo aparecer o idioma portugués no conto “El Informe de Brodie”, que sucede no Brasil e que deu título ao libro homónimo.

Como ensaísta e conferenciante, ocupouse de Camoens e de Euclides da Cunha, ademais de dedicar unha fermosa carta a Fernando Pessoa e de seleccionar e prologar a novela *O Mandarim* de José Maria Eça de Queiroz, autor sobre o que tratou en diversas ocasións, para a súa variada antoloxía “Biblioteca personal”. Aínda que Borges nunca estudiou portugués, confesou enténdelo e telo lido con gusto e proveito, como evidencia todo o dito. Non obstante, non foi este vínculo lusófilo —que puido influír tamén na súa significativa fidelidade ao filósofo Baruch Spinoza, de suposta ascendencia xudeo-portuguesa— o que aproximou Borges a Galicia e aos galegos, senón máis ben, como veremos, o contacto persoal, algunha lectura e o interese por Santiago de Compostela.

## O TEMPO DA VANGARDA: DO ULTRAÍSMO A VALLE-INCLÁN

Efectivamente, durante a súa estancia en España durante os anos vinte, época na que se sumou á vangarda ultraísta, Borges coñeceu a varios escritores galegos resi-

dentes en Madrid e estableceu contacto coa revista coruñesa *Alfar*, na que colaborou.

Asiduo da tertulia ultraísta de Rafael Cansinos-Assens no Café Colonial, que rivalizaba co faladoiro de Ramón Gómez de la Serna no Café Pombo, Borges frecuentou entón a compañía do poeta galego Euxenio Montes, a quen lembrou con afecto no seu primeirizo e logo repudiado libro *Inquisiciones*, editado en 1925, tanto en clave persoal — “A Eugenio Montes le regalo esta geométrica ensoñación”, escribiu a propósito dun posible inventario de todas as metáforas xa anticipado nun artigo publicado na revista coruñesa *Alfar* en 1924— como en relación co xuvenil ambiente dos aludidos faladoiros vangardistas: “Ambas tertulias eran privativas; quien frecuentaba la una era exclaustrado religiosamente de la contraria y sólo el admirable Eugenio Montes logró, mediante una destreza intelectual que fue voceado escándalo entre sus compañeros, alternar su discutidora presencia en ambas banderías”.

Non é estraño, pois, que Borges e Montes, xunto ao tamén galego Evaristo Correa Calderón e a outros vangardistas, coincidiran en asinar xuntos unha carta colectiva portadora dun texto de escritura automática e sicalíptica dirixida a Tristan Tzara, principal promotor do dadaísmo, en torno a 1920. Pero, aínda que a lingua utilizada para tal ocasión foi o francés, aparece incrustada nun verso a enxebre expresión admirativa galega, de implícitas asociacións eróticas, “¡Ey carballeira!”:

YY Charlot foutu rayons X  
Whisky godemiche 69  
¡Ey carballeira! Himen Films

(YY Charlot fodido raios X  
Whisky sicalíptico 69  
¡Ei carballeira! Películas Himen)

Polo demais, Borges citou a Montes no inventario de ultraístas con que termina senllos artigos titulados “Ultraísmo”, publicados xa en Bos Aires en 1921 para a divulgación americana dese movemento.

Tamén en conexión co ultraísmo menciona Borges con frecuencia, e sempre como poeta, a Ramón del Valle-Inclán, pois implícao como adherente externo e como colaborador do movemento nunha “Réplica” polémica de 1920 e nos mencionados artigos que titulou “Ultraísmo” de 1921. Ademais, no último destes aplaude o progresivo distanciamento do Modernismo rubeniano por parte do poeta galego: “Valle-Inclán gesticula su incredulidad jubilosa en versos pirueteros”. Máis adiante Borges incorporará o nome de Valle-Inclán ao seu libro policial *Seis problemas para Don Isidro Parodi*, publicado en colaboración con Adolfo Bioy Casares en 1932, e mencionará por dúas veces o poemario valleinclanesco *La pipa de kif* no seu libro sobre *Leopoldo Lugones*, publicado en colaboración con Betina Edelberg en 1955.

Non obstante, Borges foi mostrando unha crecente reticencia ante Valle-Inclán, revelada xa nun artigo sobre Alfonso Reyes publicado en 1927: “El mismo Valle-Inclán me es posible, si quien está aludiéndolo es Reyes”. Pero andando o tempo,

manifestará abertamente a súa condena do Valle-Inclán poeta, como recolle con malicia Jean de Milleret nun libro de conversas de 1970: “En cuanto a los poetas como Valle-Inclán, me parecen bastante malos. Es un farsante y no muy maligno ¿no?”. Naturalmente, o maduro clasicista en que se convertera Borges non podía valorar agora os “versos pirueteros” de Valle-Inclán que el mesmo saudara nos xuvenís tempos da vangarda ultraísta e, correlativamente, o discreto e pudibundo cabaleiro tardo-victoriano que sempre foi o escritor arxentino non podía ter boa opinión das histriónicas extravagancias profesionais do galego, pois deberon parecerlle sempre tan falsas como burdas.

### A PRESENCIA NA REVISTA *ALFAR*

Importante vínculo de Borges con Galicia foi sen dúbida a revista coruñesa que habitualmente designamos como *Alfar*, publicada dende 1920 baixo os nomes sucesivos de *Boletín de Casa América-Galicia*, *América-Galicia*, *Revista de Casa América-Galicia* e, dende 1923 ata 1930, *Alfar*. Tratábase dun medio tan aberto ao espírito vangardista característico da época como á colaboración hispanoamericana, resultado isto último de ter nacido como boletín da Casa América-Galicia en A Coruña, cidade portuaria onde se estableceran diversos consulados de países hispanoamericanos e diversas delegacións de compañías navieiras. Pois ben, entre os numerosos escritores latinoamericanos que colaboraron na revista, como Alfonso Reyes, César Vallejo, Vicente Huidobro, Gabriela Mistral ou Augusto d’Halmar, encóntrase tamén Borges, quen aporta, na época en que dirixía o boletín o escritor uruguaio Julio J. Casal, tres poemas e un ensaio.

Os poemas foron os titulados “Alejamiento” (éste publicado no número 36, correspondente a xaneiro de 1924), “Villa Urquiza” e “Las Palmas” (ambos editados no número 59, correspondente a xullo de 1926), e os tres estaban datados no ano 1923. Borges non incorporou ningún deles aos seus libros, polo que teñen un certo valor bibliográfico, pero foron rescatados por César Antonio Molina, ademais de na edición facsímil de *Alfar*, na súa obra *La revista Alfar y la prensa literaria de su época* (A Coruña, Nos, 1984). Posteriormente reapareceron na edición de *Textos recobrados 1919-1929* (Buenos Aires, Emecé, 1997) ao coidado de Sara Luisa del Carril. (Téñase en conta que existe outro poema titulado “Villa Urquiza”, incluído en 1923 na primeira edición do poemario *Fervor de Buenos Aires* e excluído deste a partir de 1943, moi diferente do homónimo publicado en *Alfar*.) O ensaio que publicou na revista coruñesa, titulado “Examen de metáforas” e escrito en Lisboa no ano 1924, foi editado, en dúas entregas, nos números 40 e 41, respectivamente correspondentes a maio e a xuño-xullo de 1924, e incorporado por Borges, en 1925, ao seu primeiro libro de ensaios, *Inquisiciones*, do que despois renegaría e que non permitiría reeditar.

Este xuvenil ensaio borgeano presenta un aspecto que será carecterístico da obra madura do escritor arxentino: o ordenamento dun todo a través dunha clave. Efectivamente, na segunda parte do artigo, subtitulada “Su ordenación”, encóntrase un fragmento que preludia toda a lúcida e aparentemente arbitraria teoría da literatura

de Borges: “En castellano deben señalarse como vivas almácigas de tropos los sonetos de Góngora; la *Hora de todos*, de Quevedo; los *Peregrinos de piedra*, de Herrera Reissig; el *Divino fracaso*, de Rafael Cansinos-Assens, y el *Lunario sentimental*, de Lugones. Un ordenamiento que bastase para la intelección total de las metáforas que cualquier libro de los antedichos incluye, sería —tal vez— aplicable a toda la lírica, y su escritura no ofrecería grandes trabas. Tal sistema sólo parecerá imposible a quienes niegan el infinito poder arreglador de nuestra inteligencia”.

Como é sabido, Borges ten tratado en múltiples ensaios, poemas e relatos o tema da clave que contén un todo, do elemento que é ao mesmo tempo código e mensaxe dun sistema calquera. O sistema pode ser un xénero literario, a historia dun pobo ou o conxunto do universo, pero a clave soe ser o que el chama unha metáfora, pero que ás veces máis ben parece unha metonimia: “Quizá la historia universal es la historia de unas cuantas metáforas”, escribiu ao comezo do ensaio “La esfera de Pascal”, incluído en 1960 no libro *Otras Inquisiciones*. O conto “El Aleph”, publicado na obra homónima en 1949, resultou conter a clave universal por antonomasia: “¡El microcosmo de alquimistas y cabalistas, nuestro concreto amigo proverbial, el multum in parvo!”. A contemplación do Aleph supón a dun cosmos infindo e eterno en todas as súas dimensións e dende todos os puntos de vista: a visión instantánea de “el inconcebible universo”. No ámbito literario, Borges ten procurado luminosos alephs que explicasen unha obra, un autor, un xénero, un estilo, unha literatura enteira ou todas as literaturas. O propio escritor descobre, no epílogo de *Otras Inquisiciones*, que unha das tendencias dominantes nos seus traballos é xustamente a que o leva a “presuponer (y a verificar) que el número de fábulas o de metáforas de que es capaz la imaginación del hombre es limitado, pero que esas contadas invenciones pueden ser todo para todos”. Por isto, o autor de *Ficciones* ten buscado as claves de toda a literatura ou, polo menos, de toda a “súa” literatura nunhas cantas metáforas, nuns pequenos textos ou nuns poucos nomes. Lémbrese, por exemplo, a súa insistencia en asegurar que existe unha natural tendencia a identificar a literatura cun autor que soe variar ao longo da vida, tal como a el lle ocorreu con Rafael Cansinos-Assens, con Macedonio Fernández, con Thomas De Quincey, con Walt Whitman ou con Thomas Carlyle.

A importancia deste aspecto do ensaio publicado en *Alfar* reside, pois, en que nel se cifra esta temática seguramente por vez primeira na obra borgeana. Neste caso, a busca da clave que é ao mesmo tempo código que explica todas as mensaxes e mensaxe explicada polo código, está concretada ao castelán e resulta moi iluminadora do Borges xuvenil. Para aquel poeta vangardista e barroco ensaísta que foi a un tempo o mecanismo metafórico de “toda la lírica” está contida nuns exemplos que en xeral o propio autor mantería posteriormente: a poesía de Góngora, a prosa de Quevedo e tres obras moi estimadas polo xove Borges correspondentes ao seu primeiro mestre Cansinos, ao seu admirado e estudiado Lugones e ao no futuro máis prescindible Herrera y Reissig. Todos os que nalgunha ocasión confundiron ou identificaron a Borges coa literatura, probablemente todos os que o lemos, temos pois que agradecer a *Alfar* a comprobación de que Borges xa era Borges en 1924.

E, a propósito da revista *Alfar*, pódese engadir tamén que nela Borges foi aludido en varios artigos de crítica literaria, concretamente, en 1923, a propósito do seu primeiro libro de poesía, *Fervor de Buenos Aires*, e, en 1925, do seu primeiro libro de ensaio, *Inquisiciones*, éste último reseñado por Julio J. Casal e estudiado polo poeta ultraísta e teórico da vangarda Guillermo de Torre, activo colaborador da revista que acabaría sendo cuñado do escritor arxentino tras casar coa súa irmá Norah en 1928. E Borges tamén será mencionado en *Alfar* por Roberto A. Ortelli nun panorama da entón recente lírica arxentina publicado en 1926. Polo demais, Norah Borges foi colaboradora gráfica da revista coruñesa xa en 1923, como tamén da lucense *Ronsel*, publicada en 1924, e obxecto na primeira dun comentario do seu futuro esposo Guillermo de Torre.

### SOBRE PRIMITIVO RODRÍGUEZ SANJURJO

Outro escritor natural de Galicia e cultivador da estética modernista do que se ocupou Borges foi Primitivo Rodríguez Sanjurjo, a quen eloxia a propósito da colaboración deste na revista bonaerense *Síntesis* nunha barroca nota publicada no mesmo medio en 1927: “Primitivo R. Sanjurjo —nombre en cuyo general desconocimiento han colaborado la malignidad y la incomprensión— es una de las más apasionadas y aun indignadas inteligencias de la España de esta época. No el impasible *amor intellectualis* es suyo, sino la ardentía seráfica, las *Talveces* y aventuras del pensamiento, el riesgo intelectual. Clima de heroicidad es el de su prosa. Su guerra es contra lo insignificante —lo literalmente insignificante o no significativo— del hoy: el arte sin pasión, la filosofía sin curiosidad y sin maravilla, el mundo sin trasmundo. *Nos hemos detenido, no ante la Muerte, sino ante el cadáver*, escribe con terrible sentenciosidad, que saca a la vergüenza la incapacidad metafísica de nuestro tiempo. Sanjurjo —que colabora por vez primera en América a través de las columnas de *Síntesis*— es autor de *Escenas de Gigantomaquia*; el espectáculo de su propio pensamiento intensísimo le pertenece y nuestra codiciosa atención”. Desgraciadamente, o peculiar e borgeano ourensán Sanjurjo, compañeiro da bohemia simbolista, experto en orientalismo, astrólogo e teósofo, itinerante profesor de literatura nos Estados Unidos, escritor de tragedias, catedrático de xeografía e historia en Lugo, iniciático mestre de Luz Pozo Garza durante a guerra civil, incluído por Ramón Otero Pedrayo no seu *Libro dos amigos* e recentemente valorado por Arcadio López-Casanova como excelente poeta modernista, continúa no mesmo esquecemento intelectual e literario denunciado por Borges en 1927.

### ROSALÍA, A PARDO BAZÁN E CONCEPCIÓN ARENAL

A tradicional actitude crítica de Borges con respecto á literatura española é particularmente demoledora cando se refire ao século XIX e ao Romanticismo, século e estética que, en xeral, considera deplorables en España. De feito, cando intentou preparar unha antoloxía de poesía española do século XIX co seu amigo e colaborador

Adolfo Bioy Casares a penas encontrou qué escolmar, coa salvidade de Rosalía de Castro: “Eso no nos pasó con Rosalía de Castro ni con los orígenes ni con el Siglo de Oro ni con los barrocos. Pero los siglos XVIII y XIX fueron bastante pobres, pese a algunos nombres honrosos”.

De maneira que Borges salientou a Rosalía como a rareza máis valiosa en tal contexto, cualificándoa de “honrosa excepción” e asegurando dela que a súa “expresión más alta se haya en su idioma natal y no en el dialecto académico aún hoy en boga”. Deste xeito, e coa inxeniosa malevolencia terminolóxica que o caracteriza, Borges exaltaba a Rosalía e mostraba a súa máxima consideración pola súa obra en galego ao tempo que despreciaba, como “dialecto académico”, o castelán literario da España contemporánea.

Caso a parte é a mención ocasional que Borges e Bioy Casares fan de Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán no citado libro policial *Seis problemas para Don Isidro Parodi*, onde un personaxe fala de opiarse nunha conferencia sobre a primeira e outro da suposta superioridade do *Ariel* sobre a segunda e demais contemporáneos españois, incluído o tamén galego Valle-Inclán.

## O CONTO DO DEÁN DE SANTIAGO

Unha curiosa presenza xeográfica galega na obra borgeana é a constituída polo conto “El brujo postergado”, incluído na sección antolóxica “Etcétera”, de *Historia universal de la infamia*, primeiro libro de relatos de Borges, publicado por vez primeira en 1936. En realidade, trátase dunha versión actualizada e mutilada do marco didáctico e da moralexa exemplarizante do *enxiemplo XI do Libro del Conde Lucanor y de Patronio*, debido ao Infante Don Juan Manuel. O relato orixinal titúlase “De lo que contesó a un deán de Santiago con Don Yllán, el grand maestro de Toledo”, e Borges fai constar que deriva do libro árabe *Las cuarenta mañanas y las cuarenta noches*. Nunha entrevista sobre o asunto declarou que coñecera tal relato cando neno de boca do seu pai. O conto, que denuncia a ambición, a ingratidade e a hipocresía dun clérigo de Compostela, alude varias veces a esta cidade, comezando pola primeira frase: “En Santiago había un deán que tenía codicia de aprender el arte de la magia”.

## ARXENTINOS ORIUNDOS DE GALICIA

Naturalmente, Borges, como practicamente todos os arxentinos, tivo relación con numerosos galegos e, sobre todo, descendentes de galegos instalados na República Arxentina. Como exemplo desta case inevitable relación podemos mencionar o feito anecdótico, pero significativo, de que tivese en Bos Aires unha conta bancaria familiar precisamente no chamado Banco de Galicia ou que mantivese unha importante camaradería xuvenil e unha amizade de por vida co escritor arxentino, de orixe galega e defensor e cultivador do galego, Francisco Luis Bernárdez. De feito, Borges dedicoulle o poema “Elegía de los Portones” no *Cuaderno San Martín*, xa de 1929;

mencionouno no libro *Discusión*, de 1932, e na citada monografía *Leopoldo Lugones*, e, con motivo da súa morte, dirixiulle o sentido poema “Epílogo”, incluído en *La cifra*, de 1981, e que comeza dun modo impresionante:

Ya cumplida la cifra de los pasos  
que te fue dado andar sobre la tierra,  
digo que has muerto. Yo también he muerto.

Pero unha das relacións intelectuais e afectivas máis importantes da vida de Borges foi a mantida coa narradora, poetisa e ensaísta bonaerense María Esther Vázquez, oriunda de Galicia e corenta e dous anos máis nova que Borges, a quen coñeceu en 1957.

En colaboración con María Esther Vázquez publicou os libros *Introducción a la literatura inglesa*, en 1965, e *Literaturas germánicas medievales*, en 1966. Pola súa banda, a escritora arxentina dedicará catro obras a Borges, unha primeira de estudio —*Everness (Un ensayo sobre Jorge Luis Borges)* (1965)—, dúas de conversas —*Borges: Imágenes, Memorias, Diálogos* (1977) e *Borges, sus días y su tiempo* (1986)— e a última de biografía e memoria: *Borges. Esplendor y derrota* (1996). Inversamente, Borges dedicoulle o famoso “Poema de los dones”, publicado en *El hacedor*, de 1960, e prologoulle o libro de contos *Los nombres de la muerte*, publicado en 1964.

Ademais, durante os anos sesenta, case cego e coa súa nai —habitual compañeira de viaxe— vella e cansa, Borges visitará moi diversos lugares na compañía xestora e amigable de María Esther Vázquez: así, en 1964 viaxarán xuntos pola República Federal Alemana, Francia, Inglaterra, Suecia, Dinamarca, España e a propia República Arxentina, mentres que en 1965 irán ao Perú. O compromiso matrimonial de María Esther Vázquez con outro home anunciado en novembro de 1965 enfriará notoriamente as súas relacións con Borges, que pareceu sentirse defraudado e abatido, tal como pode rastrexarse nos seus escritos da época (o poemario *El otro, el mismo* e o relato “La intrusa”) e no feito de que non volvese viaxar coa súa antiga amiga. Non hai constancia, en cambio, de que María Esther Vázquez tivese correspondido nunca as súas espectativas amorosas, pois, tendo en conta que ao comezo das súas xiras el tiña sesenta e cinco anos e ela vintetrés, declarou: “En 1964 Borges me parecía tan viejo como las pirámides”.

## VIAXE A GALICIA E ENCONTRO CON PIÑEIRO

Agora ben, a xira europea compartida con María Esther Vázquez en 1964 incluíu Galicia, fundamentalmente polo desexo de Borges de coñecer Santiago de Compostela, a onde voaron dende Madrid. María Esther Vázquez, entusiasmada de estar na terra dos seus antepasados, describiu a un Borges case cego as marabillas da cidade galega, ata o punto de que o escritor a incluíría, en *Un ensayo autobiográfico* (publicado en inglés en 1970), entre as cidades máis inesquecibles onde estivera: “Estocolmo y Copenhague están entre las ciudades más inolvidables que he visto junto a San Francisco, Nueva York, Edimburgo, Santiago de Compostela y Ginebra”.



Claro que, a este respecto, cómpre ter en conta a observación de María Esther Vázquez recollendo esta mesma afirmación: “(si es posible *ver* por los ojos de otro)”. Non obstante, nun prólogo de 1969, Borges mencionará a cidade galega entre as de maior tradición histórica, fronte á recente Bos Aires, aducindo que “Edimburgo o York o Santiago de Compostela pueden mentir eternidad”.

A propia María Esther Vázquez relatou a súa estancia na vella e chuventa Compostela: “En Santiago nos hospedamos en el Hostal de los Reyes Católicos. Borges iba a la capilla, visitaba los cuatro patios, viejos de quinientos años, y se sentía un peregrino más en Santiago. Recorrimos el palacio del obispo Gelmírez, en la actualidad abierto al público sólo en parte. Con el fervor que me viene de mis antepasados, yo le contaba las joyas de ese monumento románico, alzado en el siglo XI. Subimos por escalones desiguales al piso más alto, hasta la torre donde se supone estuvo presa la reina Urraca, y la lluvia, una lluviecita constante y delicada, acompañaba nuestros pasos”.

Non obstante, a parella non só visitou Compostela, senón que durante tres días percorreu a costa atlántica galega, invitada polo Concello de Santiago, tal como tamén contou a escritora argentina: “El alcalde de la ciudad, al saber que Borges estaba alojado en el Hostal, lo nombró invitado de honor del Ayuntamiento. No era nada seductor recibir invitaciones del régimen franquista, pero el encantador Ramón Piñeiro, hombre excepcional, nos aconsejó que aceptáramos, ‘no sea cosa que los nombren personas no gratas, los echen y no puedan entonces ver nada’. La invitación se extendió a una rápida visita a las rías, que duró tres días, desde Finisterre hasta Tuy”.

Dende a primeira mención, María Esther Vázquez non aforra eloxios para Ramón Piñeiro, que, como con tantas outras persoas, exerceu de anfitrión cultural e galeguista para a parella: “Ramón Piñeiro, uno de los intelectuales más lúcidos entre los gallegos de este siglo, nos recibió en su casa de la rúa Gelmírez, número quince. Vivía allí con su mujer y su hermana. En su despacho había una de las llamadas mesacamilla, que se hizo célebre en Santiago. Piñeiro era entonces un hombre de mediana edad, delgado, casi enjuto, de maneras suaves, con una semisonrisa permanente y que hablaba con voz tenue, delicada y con una tonada gallega apenas perceptible”. Pola súa parte, Piñeiro referiume que a primeira conversa que mantivera cos viaxeiros tivera lugar nunha cafetería próxima á Ferradura, onde falaran de temas diversos e onde Borges se mostrara particularmente escéptico e agnóstico, sobre todo en relación co tema de Deus.

Pero a proverbial austeridade do despistado anfitrión galego, tan idealista de fondo como ascética de formas, deu lugar a unha divertida anécdota relatada por María Esther Vázquez: “Nos invitó a casa a almorzar y nos mostró su espléndida biblioteca. Pero los horarios españoles no tienen nada que ver con los del resto del mundo y ese almuerzo empezó a concretarse a las tres y media de la tarde. Borges y yo estábamos desesperados de hambre. La mujer de Ramón trajo una bandeja con algunas cosas ‘de la finca’, chorizo picado, queso gallego, lonjas de jamón, vino blanco. Delante de Ramón nos servíamos con gran civilidad: yo le alcanzaba a Borges un bocadito y

comía otro, pero cada vez que el dueño de casa salía del cuarto para traernos un libro interesante, yo le llenaba la mano a Borges, quien, igual que yo, comía con velocidad voraz y vergonzosa”.

Outro aspecto considerado por María Esther Vázquez en relación con Piñeiro resultou ser o político, pois, como é sabido, o galeguista fora encarcerado na posguerra polas súas actividades antifranquistas, feito que, xunto coa súa impasible perseverancia na loita cultural galega fronte a todo risco, impresionou moito á parella. Piñeiro relatou algunhas peripecias, reproducidas con máis ou menos confusión pola memoria de María Esther Vázquez, quen asegura: “Lo miramos con admiración y en el caso de Borges es probable que con cierta envidia, nada lo conmovía más que el desprecio por el peligro”.

Como único documento gráfico coñecido deste paso por Galicia existe unha fotografía de Vázquez, Piñeiro e Borges nunha rúa compostelana, que foi publicada no primeiro número da revista *Man Común* en agosto de 1980, baixo o rótulo de “Unha foto histórica”.

## GALEGOS FÓRA DE GALICIA

Loxicamente, a maior parte dos galegos que trataron con Borges fóra de Galicia foron emigrantes, como Eduardo Blanco-Amor, ou exiliados, como Rafael Dieste, residentes en Bos Aires. De entre todas estas relacións pode destacarse a mantida con Eduardo Blanco-Amor se nos atemos ás declaracións deste: “Non fun amigo de Borges porque Borges non era amigo de ninguén, pro tratéino moito”. O mesmo autor asegurou que el foi quen puxo en contacto a Borges coa que sería a súa editorial principal: “Yo llevé a la editorial Emecé a Borges mismo”. Polo demais, noutros lugares ten contado que Borges, como Sábato e outros autores arxentinos, non comprendía como podía malgastar tempo e talento escribindo nunha lingua de tan precario presente e escaso porvir como a galega. En canto a Rafael Dieste, cómpre salientar a asistencia de Borges, da súa irmá Norah e do seu cuñado Guillermo de Torre ao banquete de homenaxe ofrecido en 1942 nun hotel bonaerense por numerosos intelectuais con motivo da publicación de *Historias e invenciones de Félix Muriel*.

Outro exiliado galego moi valorado por Borges, que o coñeceu na Universidade de Texas, foi o profesor e estudioso Ramón Martínez López, director alí do departamento de español e con quen coincidiu durante a súa estancia en Austin, tal como lembrou en *Un ensayo autobiográfico*: “Pasé el mayor tiempo que pude con Ramón Martínez López, quien, como filólogo, compartía mi pasión por las etimologías y me enseñó muchas cosas más”. Consérvase unha interesante foto deles dous acompañados por Leonor Acevedo, a nai do escritor, e por Germán Gullón.

Tamén fóra de Galicia tivo ocasión de coñecer a Borges, en Berlín e por intermediación de María Esther Vázquez, o seu admirador e discípulo José Ángel Valente, moi influenciado polo escritor arxentino e que había escribir varias veces sobre el.

En España, Borges coincidiu en diversos actos públicos co tamén tan borgeano escritor galego en castelán Gonzalo Torrente Ballester, ás veces confundido polo público co mesmo Borges, con quen compartiu dificultades visuais e uso de bastón, pero tamén ironía, humildade, escepticismo e cultivo do fantástico. Existen unhas famosas fotos de ambos conversando en Sevilla, a onde se desprazaran para intervir nun ciclo de conferencias sobre literatura fantástica organizado en 1984 pola Universidade Internacional Menéndez y Pelayo.

## DENDE O LABIRINTO PERSOAL

Tendo en conta a universalidade da influencia de Borges en todas as culturas contemporáneas occidentais non parece estraño que esta tamén se rexistre na literatura galega, dende a posguerra á actualidade. Eu mesmo debo recoñecer a este propósito, tal como se me pide e aínda que só sexa a modo de testemuño, que o primeiro poema que publiquei na miña vida, “Máis alá da saudade”, a composición inicial do meu primeiro libro, editado nos anos setenta, abríase precisamente cunha cita de Borges sobre a identidade e a multiplicidade do ser:

Ti,  
que tantos homes tes sido,  
non fuches aínda aquel  
que subiu comigo  
ás montañas nevoentas,  
onde está escrito:

“Eles virán.  
Virán ergueitos  
pola escura brétema  
onde levita Galicia...”

E seguramente que non por casualidade, este primeiro poema terminaba identificando a Galicia e a vida cun labirinto:

Entón deixáremolo todo,  
queimaremos a última noite que nos queda,  
e nos cabalos azuis  
subiremos ás montañas nevoentas,  
traspasando a escura brétema  
onde levita Galicia  
e onde remata o noso labirinto.  
Xuntos cazaremos todos os cervos pardos  
e voltaremos cubertos por pelexos de lobo.  
Despois nos perderemos nos caborcos,  
ceibando cadeas,  
prendéndonos de femias cabeleiras,  
ata consumir o ciclo,  
alá,  
onde non hai estado, nin deus, nin poder.

Igualmente, no meu primeiro libro de contos, *Meta-relatos*, publicado xa nos anos oitenta, figura a narración titulada “A biblioteca de Borges”, que trata sobre o labirinto dos libros e o libro como labirinto. Por outra banda, o primeiro libro de poemas que publiquei nos anos oitenta, *Tigres de ternura*, vindicaba dende o título a ensamblaxe de paixón e dozura dunha imaxe tomada por Borges do seu mestre Rafael Cansinos-Assens, e noutro poemario publicado na mesma década, *Historia da lúa*, a literatura do escritor arxentino reaparece como paradigma da relativa realidade: “certa como coimbra ou un conto de borges”.

Á marxe da creación, outro dato significativo é tamén que, á parte de artigos diversos sobre Borges na prensa periódica, o primeiro ensaio que publiquei na miña vida, xa nos anos setenta e editado na revista *Grial*, foi, precisamente, “Borges e o escepticismo esencial”, tema este sobre o que volvería no estudio “Borges: escepticismo y fantasía”, incluído por Antón Risco, Ignacio Soldevila e Arcadio López-Casanova no libro *El relato fantástico. Historia y sistema*, e tamén reproducido na miña *Guía de investigación literaria*.

Pero, quizais, non é casual que eu me fixase xustamente no símbolo do labirinto, no tema do escepticismo e no mundo da fantasía na literatura borgeana, se temos en conta que, na orde das coincidencias, dous rasgos parecen aproximar a literatura de Borges a Galicia ou aos galegos: a tendencia a actitudes escépticas e o cultivo do xénero fantástico e, por tanto, simbolicamente, a concepción da vida e do mundo como labirinto. Claro que quizais tamén todo isto non sexa senón conxuntura propia da fantasía que, como borgeanos ou como galegos, profesamos, toda vez ademais que a principal contribución galaica á filosofía foi o tratado renacentista de Francisco Sánchez, titulado *Quod nihil scitur* (“Que nada se sabe”), idea esta da que nos ilustrou Borges en *La rosa profunda* (1975) titulando un poema, xustamente, “De que nada se sabe”.